

Contrato do ID de BlackBerry

O Contrato do ID de BlackBerry ou "Contrato" establece un acordo legal entre Research In Motion Limited, ou a filial ou empresa subsidiaria especificada no BBSLA aplicable na súa xurisdición ("RIM") e:

- a) vostede, a título persoal, con relación a:
 - i. a creación e administración do seu ID de BlackBerry (tal e como se establece no epígrafe Termos do ID de BlackBerry); e
 - ii. o acceso e uso dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry a título persoal (tal e como se establece no epígrafe Termos dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry); e
- b) a empresa ou outra entidade en cuxo nome vostede estea autorizado a actuar ("A súa organización") en relación co acceso e uso por parte da súa organización dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry,

en ambos os casos ("**vostede**")

AO PREMER EN "ACEPTO" NO ESPAZO INDICADO ABAIXO, VOSTEDE RECOÑECE QUE LEU, COMPRENDEU E QUE ESTÁ DE ACORDO A SE LIGAR EN VIRTUDE DESTE CONTRATO E A CUMPRILLO. ASEGÚRESE DE QUE EXAMINOU ESTE CONTRATO, INCLUÍDO CALQUERA OUTRO DOCUMENTO ADXUNTO COMO REFERENCIA, INCLUÍDO O BBSLA (ESPECIFICADO MÁIS ABAIXO) E A POLÍTICA DE PRIVACIDADE DE RIM, ANTES DE PREMER O BOTÓN "ACEPTO" QUE FIGURA A SEGUIR. SE NON ESTÁ DE ACORDO CON ESTE CONTRATO, NON PODERÁ REXISTRARSE PARA ADQUIRIR O ID DE BLACKBERRY (DESCRITO ABAIXO) NIN ACCEDER OU USAR CALQUERA DOS SERVIZOS ACCESIBLES MEDIANTE O ID DE BLACKBERRY.

Non poderá celebrar este Contrato ou solicitar o ID de BlackBerry (tal e como se especifica máis abaixo) senón cumpre estes dous requisitos: (a) ter máis de dezoito anos (18); e (b) ter a maioría de idade consonte as leis da súa xurisdición

A. TERMOS DO ID DE BLACKBERRY

1. **ID de BlackBerry.** Para ter acceso a determinados servizos de RIM e de terceiros ("Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry"), necesitará un ID de BlackBerry que pode obter cubrindo o formulario de solicitude do ID de BlackBerry.
2. **Solicitude dun ID de BlackBerry.** O formulario de solicitude pediralle que forneza o enderezo de correo electrónico que desexe usar como o seu ID de BlackBerry. Tamén se lle solicitará que proporcione información de usuario e que cree un contrasinal para asocialo ao seu ID de BlackBerry. Cando xa dispoña do ID de BlackBerry, pode utilizalo como identificador persoal cando vaia usar os Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry. **Teña en conta que, en todos os casos, vostede está a obter un ID de BlackBerry persoal.** Se está a usar os Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry en nome da súa organización, esta pode que teña a súa propia conta con RIM ou co terceiro que corresponda, pero aínda así terá que utilizar o seu ID de BlackBerry para identificarse como usuario autorizado nesa conta.
3. **Responsabilidade verbo do ID de BlackBerry.** O seu ID de BlackBerry e persoal e intransferible. Vostede é o responsable de manter a confidencialidade e a seguridade do

seu contrasinal no referente a todos os usos do seu ID de BlackBerry. Vostede acepta: (a) proporcionar información verdadeira, precisa, actual e completa sobre vostede nos formularios de solicitude aplicables que lla soliciten; e (b) actualizar puntualmente esta información cando sexa necesario para que conserve a devandita veracidade.

4. **Aviso a RIM.** Acepta (i) notificar inmediatamente a RIM calquera uso non autorizado do seu contrasinal ou do seu ID de BlackBerry ou de calquera outra vulneración da seguridade, e (ii) asegurarse de cerrar a sesión nos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry ao finalizar cada sesión cando esta posibilidade estea dispoñible. Recoñece e acepta que RIM non é responsable de ningún dano ou perda como consecuencia do uso do seu ID de BlackBerry ou do seu incumprimento do anterior.
5. **Rescisión do seu ID de BlackBerry.** Pode rescindir o seu ID de BlackBerry enviando unha solicitude de baixa a RIM en calquera momento.
6. **Rescisión do ID de BlackBerry por parte de RIM.** Sen prexuízo do estipulado nalgún termo contrario presente nalgunha cláusula adicional sobre o uso específico do Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry, RIM pode, á súa única discreción, sen citación previa, nin audiencias administrativas, nin inicio de procedementos xudiciais, rescindir ou suspender o seu ID de BlackBerry por calquera razón, incluídas entre outras: (a) infraccións ou violacións deste Contrato ou outros Contratos ou directrices incorporados no presente, (b) solicitudes por parte de axencias executoras da lexislación ou outras axencias gobernamentais, (c) problemas técnicos ou de seguridade inesperados, (d) períodos de inactividade prolongados, (e) a súa participación en actividades fraudulentas, ilícitas e/ou ilegais.
7. **Consecuencias da rescisión.** A rescisión do seu ID de BlackBerry terá como resultado: (a) a eliminación do seu contrasinal, e, sen prexuízo do estipulado nalgún termo contrario presente nalgunha cláusula adicional sobre o uso específico do Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry, da totalidade da información, arquivos e contidos asociados co seu ID de BlackBerry (ou calquera parte do presente); e a rescisión ou suspensión do seu ID de BlackBerry terá como resultado (b) a restrición, limitación, suspensión ou prohibición do uso máis amplo ou continuado da totalidade ou parte dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry. Acepta que RIM non será responsable fronte a vostede nin a ningún terceiro por calquera rescisión ou suspensión do seu ID de BlackBerry, ou calquera restrición, suspensión ou prohibición do uso máis amplo ou continuado da totalidade ou parte dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry que poida traer como resultado a rescisión.

B. TERMOS DOS SERVIZOS ACCESIBLES MEDIANTE O ID DE BLACKBERRY

1. Debe aceptar este Contrato para poder acceder aos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry. No referente ao seu acceso e uso dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry, este Contrato se comprende dos termos do actual Contrato de Licenza da Solución BlackBerry (o "**BBSLA**"), que é o Contrato polo cal RIM facilita os servizos de RIM para a Solución BlackBerry (anteriormente chamado Contrato de Licenza de Software BlackBerry), modificado por estes Termos dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry (os "**Termos do servizo**"). Pode atopar o BBSLA na páxina www.blackberry.com/legal. Os Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry son "Servizos" e forman parte da súa "Solución BlackBerry" segundo a definición destes termos que figura no BBSLA. Considerarase que as referencias ao "Contrato" no BBSLA son, para os efectos do Contrato do ID de BlackBerry, referencias a este. Asegúrese de que ten revisado estes Termos do servizo, a Política de privacidade de RIM, e o BBSLA antes de premer no botón "Acepto" no espazo de abaixo.

2. **Cláusulas adicionais.** Pode que teña que subscribir unha cláusula adicional deste Contrato para determinados Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry ("**Cláusulas adicionais**"). Ao aceptar unha Cláusula adicional sobre os Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry específicos, a devandito cláusula entrará a formar parte deste Contrato exclusivamente para eses Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry. En caso de conflito entre este Contrato e calquera das cláusulas adicionais, as cláusulas prevalecerán, pero unicamente dentro do ámbito do devandito conflito.
3. **As súas obrigas de rexistro.** Como contraprestación polos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry proporcionados, vostede acepta: (a) fornecer información verdadeira, precisa, actual e completa sobre vostede cando os formularios de solicitude aplicables o indiquen (os "**Datos de rexistro**"); e (b) actualizar puntualmente esta información cando sexa necesario para que conserve a devandita veracidade.
4. **Envío de contidos pola súa parte.** Á parte do explicitamente disposto neste Contrato ou nunha cláusula adicional deste, este Contrato non transfire a propiedade de ningunha información, ningún dato, texto, software, música, son, fotografías, gráficos, vídeos, mensaxes, etiquetas ou outro material ou información ("**Contidos**") que vostede envíe ou facilite con relación a calquera Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry ("**Os seus contidos**"). No referente a calquera dos seus contidos que vostede facilite para a súa inclusión en sitios web de acceso público ou outros aspectos de acceso público dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry, vostede outorga a RIM unha licenza mundial, perpetua, irrevogable, transferible, exenta de regalías, non exclusiva para usar, distribuír, reproducir, modificar, adaptar, representar e exhibir publicamente os seus contidos na medida do razoable en relación coa prestación e a xestión de calquera Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry.
5. **Conta de empresa.** Se vostede é unha empresa ou outra entidade, pode que se lle pida que obteña ou entre un ID de conta corporativa para poder acceder aos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry. Agás que teña a autorización da súa organización, non pode usar a conta da súa organización a título persoal, e non é transferible a ningunha outra persoa. Vostede é o responsable de manter a confidencialidade e a seguridade do seu contrasinal no referente a todos os usos do seu ID de conta de empresa. Acepta: (a) fornecer información verdadeira, precisa, actual e completa sobre vostede cando os formularios de solicitude aplicables o indiquen; e (b) actualizar puntualmente esta información cando sexa necesario para que conserve a devandita veracidade.
6. **Natureza do contido nos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry.** Vostede, e non RIM, será plenamente responsable dos seus contidos. RIM non controla os seus contidos nin os contidos doutros que se faciliten en relación con calquera Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry e, en consecuencia, RIM non garante a exactitude, a integridade ou a calidade dos devanditos contidos, nin será responsable deles. Vostede entende que ao usar calquera dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry, pode exporse a contidos ofensivos, obscenos ou inaceptables. RIM e as persoas que designe terán o dereito (pero non a obriga), á súa enteira discreción, de preseleccionar, rexeitar ou retirar calquera contido. RIM poderá establecer prácticas xerais e límites no referente ao uso dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry, incluíndo sen límite o número máximo de días que as mensaxes ou artigos publicados en taboleiros de discusión ou outros contidos serán retidos con relación aos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry, e vostede acepta que RIM non ten ningunha responsabilidade no caso de que se elimine ou non se garde calquera contido.

Así mesmo, RIM non ofrece ningunha garantía de que todos os contidos asociados cos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry sexan apropiados ou estean dispoñibles para o seu uso en calquera lugar, o cal comprende as situacións nas que se atopa dispoñible un Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry e non se lle permita a vostede acceder a contidos desde lugares nas que estes son ilegais.

7. **Conduta.** Vostede acepta non usar nin intentar usar ningún dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry:
- a. para cargar, publicar, enviar por correo electrónico, transmitir ou facilitar doutro xeito calquera publicidade, material de promoción, "correo lixo", "spam", "cartas en cadea", "esquemas piramidais" non desexados ou non autorizados, ou calquera outra maneira de venta, agás nas áreas deseñadas para tales fins;
 - b. para cargar, publicar, enviar por correo electrónico, transmitir ou facilitar dalgún xeito calquera información, software, ferramenta ou outro material que conteña calquera (i) virus, cabalo de Troia, verme, porta traseira, mecanismo de apagado, código malicioso, detector, "bot", mecanismo de desactivación do sistema operativo ou programas espía; ou (ii) calquera outro software, ferramenta, información ou outro material co potencial de, ou pensado para (A) ter un impacto negativo sobre o desempeño de (B) desactivar, corromper ou facer dano, ou (C) causar ou facilitar o acceso non autorizado ou negar o acceso autorizado ou usarse para obxectivos non autorizados ou inapropiados, calquera software, hardware, servizo, sistema ou dato ("**Malware**") (e, no caso de que vostede coñeza a existencia de calquera Malware en relación cun Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry, notificarallo inmediatamente a RIM);
 - c. para recoller ou almacenar datos persoais sobre outros usuarios sen a autorización expresa por escrito dos devanditos usuarios;
 - d. para infrinxir calquera código de conduta ou outras directrices que poidan ser aplicables a calquera Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry, ou a calquera parte deles;
 - e. a non ser que RIM o autorice expresamente por escrito ou agás na medida en que esta restrición infrinxa as leis aplicables, para reproducir, duplicar, copiar, realizar enxeñaría inversa, vender, comercializar, revender ou explotar con calquera fin comercial ningunha parte ou uso de, ou acceso aos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry ou calquera produto, información ou outro material ao que se lle conceda a vostede acceso en relación cun Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry, nin intentar facelo;
 - f. de ningún xeito que poda prexudicar, desactivar, sobrecargar ou deteriorar calquera dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry (ou a rede ou redes conectadas ao devandito sitio ou servizos) nin interferir co uso ou gozo de calquera dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry ou parte destes por parte de calquera outra persoa. Vostede non pode intentar obter o acceso non autorizado a calquera dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry, a outras contas e outros sistemas informáticos ou redes conectados a un Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry a través de piratería, extracción de contrasinais ou outros medios. Vostede non pode obter nin intentar obter calquera material ou información por calquera medio que non se lle facilitara intencionadamente a través dun Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry;

- g. para publicar, cargar, distribuír ou divulgar calquera tópico, nome, material ou información de carácter impropio, profano, difamatorio, infractor, obsceno, indecente ou ilegal;
 - h. para cargar, publicar, transmitir, comunicar ou facilitar doutro xeito calquera material que: (i) Vostede non teña dereito a facilitar, o cal comprende a aplicación de calquera lei ou baixo contrato ou en infracción de calquera responsabilidade (como software protexido por lexislación de propiedade intelectual, información secreta, información sobre contrasinais, información privada e confidencial coñecida ou revelada como parte dunha relación laboral ou en virtude de Contratos de confidencialidade); ou (ii) infrinxiría ou podería infrinxir calquera patente, marca rexistrada, segredo industrial, dereitos de autor ou outros dereitos de propiedade de calquera parte;
 - i. para anunciar, ofrecer á venda ou comprar bens ou servizos para calquera propósito comercial, a non ser que o devandito Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry permita expresamente ese tipo de mensaxes;
 - j. para copiar contidos do foro para distribuílos mediante calquera medio a individuos que non son participantes dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry específicos, ou parte deles, para os cales se tiñan facilitado os contidos; ou
 - k. para usurpar a personalidade de calquera persoa ou entidade, ou declarar falsamente ou falsear doutro xeito a Súa afiliación cunha persoa ou entidade, ou crear unha identidade falsa para confundir a outras persoas.
8. **Uso internacional.** Dado que é posible acceder a certos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry a nivel global, se vostede elixe acceder ao seu ID de BlackBerry ou a calquera Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry dende lugares fóra dos países para os que RIM indica que eses servizos están dispoñibles, faino por iniciativa propia e vostede é responsable do cumprimento con todas as leis e os regulamentos pertinentes, que tamén comprende o referente á exportación, importación, o uso, transmisión ou comunicación dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry e contidos asociados. Consulte a información dun Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry específico para obter información sobre os lugares precisos nos que o devandito servizo e calquera contido asociado facilitado por RIM, incluíndo sen límite calquera dos produtos, servizos ou outros materiais mencionados, estean dispoñibles.
9. **Modificacións aos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry.** RIM resérvase o dereito de modificar ou interromper temporal ou permanentemente, en calquera momento ou de xeito periódico, a totalidade ou calquera parte de calquera Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry, con ou sen aviso previo. Vostede acepta que RIM non será responsable fronte a vostede nin ningún terceiro de calquera modificación, suspensión ou interrupción de calquera Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry (ou calquera parte deles).
10. **Terceiros.** A correspondencia ou a negociación entre vostede e terceiros a través de, ou en relación con calquera Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry, o cal comprende a entrega e pago de bens ou servizos de terceiros, e calquera outro termo, condición, garantía ou declaración relacionado con tales negociacións, son exclusivamente entre vostede e a devandita terceira parte. Vostede acepta que RIM non será responsable de ningún xeito por calquera perda ou dano de calquera índole no que se incorra como consecuencia de tales negociacións.

11. Dereitos de propiedade intelectual. Vostede reconece que os Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry poden conter ou facilitar información, datos, textos, mensaxes, obras, produtos, software, música, sons, fotos, imaxes, gráficos, marcas rexistradas, nomes comerciais, logotipos, vídeos, arquivos adxuntos, hipervínculos e outros contidos, materiais e servizos, fornecidos por RIM ou polos provedores de RIM (chamados conxuntamente "**Contidos de RIM**"). Vostede poderá usar os contidos de RIM unicamente para o seu uso persoal e consonte os termos e condicións da licenza específicos aplicables ao Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry.

12. Reclamacións por infracción dos dereitos de propiedade intelectual.

Se vostede ten motivos razoables para crer que se infrinxiu o seu traballo dun xeito que constitúe unha infracción dos dereitos do autor ou que infrinxíronse os seus dereitos de propiedade intelectual doutra maneira, faga o favor de fornecer a RIM por correo electrónico a legalinfo@rim.com a información que figura a seguir:

- a. unha sinatura electrónica ou física da persoa autorizada para actuar en nome do propietario dos dereitos de autor ou outro dereito de propiedade intelectual;
- b. unha descrición do traballo protexido por dereitos de autor ou outros dereitos de propiedade intelectual cuxa infracción vostede reclama;
- c. unha descrición do lugar do sitio no que se atopa o material cuxa infracción vostede reclama;
- d. O seu enderezo, número de teléfono e enderezo de correo electrónico;
- e. unha declaración da súa parte na que declare que está convencido de boa fe de que o uso que é obxecto de conflito non foi autorizado polo propietario dos dereitos de propiedade intelectual, o seu representante, ou a lexislación; e
- f. unha declaración da súa parte, baixo pena de perxurio, na que conste que a información anterior do seu aviso é precisa e que vostede é o propietario dos dereitos de autor ou dereitos de propiedade intelectual, ou que está autorizado para actuar en nome do propietario dos dereitos de autor ou dereitos de propiedade intelectual.

13. Rescisión.

- a. Pode rescindir calquera conta de empresa para os Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry ou o seu acceso a estes enviando unha solicitude de baixa a RIM en calquera momento.
- b. Ademais dos dereitos de rescisión de RIM que se establecen no BBSLA, e suxeito a calquera termo en sentido contrario nunha cláusula adicional para un Servizo accesible mediante o ID de BlackBerry específico, RIM poderá, á súa enteira discreción, sen citación previa, nin audiencias administrativas, nin inicio de procedementos xudiciais, inmediatamente e sen notificarlo, rescindir o Contrato do ID de BlackBerry ou unha cláusula adicional específica deste Contrato, limitar o acceso ao seu ID de BlackBerry, ou suspendelo, ou o acceso a calquera dos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry por calquera razón, incluíndo, entre outras: (a) infraccións ou violacións do Contrato do ID de BlackBerry ou outros contratos ou directrices incorporados, (b) solicitudes de parte de axencias executoras da lexislación ou outras axencias gobernamentais, (c) interrupción ou modificación material dos Servizos accesibles

mediante o ID de BlackBerry (ou calquera parte destes), (d) problemas técnicos ou de seguridade inesperados, (e) períodos de inactividade prolongados, (f) a súa participación en actividades fraudulentas, ilícitas ou ilegais, ou (g) a falta de pago de calquera cota ou cargo endebedados por vostede en relación cos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry. Así mesmo, vostede acepta que RIM non será responsable fronte a vostede nin ningún terceiro por ningunha rescisión do Contrato do ID de BlackBerry, unha cláusula adicional incluída neste Contrato, a súa conta de empresa, ou a limitación ou suspensión do seu acceso aos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry.

C. CAMBIOS NOS TERMOS. Ademais do xeito no que RIM pode actualizar ou revisar o BBSLA tal como se establece nel, RIM resérvase o dereito, á súa enteira discreción, a actualizar ou revisar este Contrato tanto para reflectir cambios nas súas prácticas comerciais como para reflectir cambios nas leis ou na interpretación das leis aplicables por parte de RIM, e para publicar os devanditos Termos dos Servizos actualizados ou revisados en <http://www.blackberry.com/legal>. A data de entrada en vigor de cada actualización ou revisión indícarase nos Termos do servizo actualizados ou revisados. As actualizacións ou as revisións deste Contrato non serán aplicables retroactivamente. No caso de que se revise ou actualice este Contrato, vostede deberá revisar e aceptar a versión revisada ou actualizada a próxima vez que intente acceder aos Servizos accesibles mediante o ID de BlackBerry.

Revisado: 10 de marzo de 2011

Acepto

Non acepto